

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 8 DE SETEMBRO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomea a Juan José Gómez Romero director xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.
- Decreto polo que se nomea a Antonio Izquierdo Escribano director da Escola Galega de Administración Pública.
- Decreto polo que se nomea a Carlos Suárez-Mira Rodríguez director do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Decreto polo que se dispón que cese Jesús Bendaña Suárez como delegado provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio en Lugo.
- Decreto polo que se nomea a Ramón Jesús Cortés Mañez delegado provincial da Consellería de Innovación e Industria en Lugo.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se dispón que cese José Luís Pérez Pérez como delegado provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo en Ourense.
- Decreto polo que se nomea a Xosé Carlos Sierra delegado da Consellería de Cultura e Deporte en Ourense.
- Decreto polo que se dispón que cese Antonio Calvo Varela como delegado provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo en Lugo.

- Decreto polo que se dispón que cese Rosanna López Salgueiro como delegada provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo en Pontevedra.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se nomea a José Luís Romero Valeiras presidente do Consello de Administración da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Decreto polo que se nomea a Eudosio Álvarez Álvarez delegado provincial da Consellería de Vivenda en Pontevedra.

A C O R D O S

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual que se deriva da orde pola que se amplía o programa de gratuidade de libros de texto en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos para o curso escolar 2005-2006.

I N F O R M E S

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a orde pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia e se convocan as axudas para o ano 2005.

A XUNTA DESTINA CASE 13 MILLÓNS DE EUROS A ESTENDER O PROGRAMA DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO A TODA A EDUCACIÓN PRIMARIA

- *A iniciativa afectará en total a 123.000 alumnos dunhas 82.000 familias galegas*

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe ampliar o programa de gratuidade de libros de texto a toda a educación primaria no curso 2005-2006. O custo global desta iniciativa ascende a 12.990.208 euros, dos que 7.738.893,75 euros, están previstos nesta orde de ampliación.

Coa presente iniciativa, o Goberno galego vén dar cumprimento aos compromisos adquiridos ante a sociedade galega, implantando no curso 2005-2006 a gratuidade de libros de texto en toda a etapa da educación primaria.

Para levar adiante este proxecto é preciso ampliar a orde do 13 de maio de 2005 pola que se convoca e regula o programa de gratuidade de libros de texto en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e de balde para o curso 2005/2006. A ampliación inclúe os cursos que ata o momento non eran obxecto da dita convocatoria.

Deste xeito, segundo recolle a presente orde, o programa de gratuidade será aplicable a todos os centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. En total, serán 123.857 alumnos, pertencentes a unhas 82.000 familias, os que se verán beneficiados por esta iniciativa do Executivo autonómico.

Catro Cursos Escolares

O programa de gratuidade inclúe exclusivamente os libros de texto que se poidan reutilizar durante catro cursos escolares. Porén, os de 1º e 2º curso de educación primaria exixen un tratamento diferenciado incluíndose neste caso todos os libros de texto aínda que non se poidan reutilizar en cursos posteriores. A Consellería de Educación subvencionará os libros de texto nas seguintes contías por alumno acollido ao programa e curso:

- 1º de educación primaria: 115 euros
- 2º de educación primaria: 115 euros
- 5º de educación primaria: 140 euros

Os pais que se queiran acoller ao programa de gratuidade nestes cursos deberán entregar os libros no centro educativo, preferentemente, nos primeiros dez días

naturais contados a partir do día da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*, aínda que existirá un prazo de 40 días. Os centros faránlle entrega dun documento onde irán relacionados os libros de texto de que fan entrega.

Os centros comunicarán á consellería de Educación os alumnos acollidos a este programa de gratuidade e unha vez comprobada a certificación de cada centro, a Administración educativa tramitará o pagamento pola cantidade que lle corresponda.

Unha vez que o centro reciba o importe da Consellería, deberá aboar a cada familia a contía que lle corresponde, nun prazo máximo de 15 días.

MEDIO RURAL DESTINA MÁIS DE 3 MILLÓNS DE EUROS Á PRÓRROGA DAS AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS DE PRODUTORES AGRARIOS XA RECOÑECIDAS EN GALICIA

- *A Consellería que dirixe Alfredo Suárez Canal modificou as bases desta liña de subvencións para dotar de maior transparencia a súa concesión*

A Consellería do Medio Rural modificará as bases reguladoras das axudas dirixidas ás agrupacións de produtores agrarios (APAs) xa recoñecidas en Galicia para dotar de maior transparencia a súa concesión, segundo informou hoxe ao Consello da Xunta o seu titular, Alfredo Suárez Canal. Con esta liña de subvencións preténdese apoiar o funcionamento administrativo destes organismos, favorecer o asociacionismo no medio rural, potenciar a concentración da oferta agraria e, por último, adecuar a produción e a comercialización ás exixencias do mercado.

A modificación das bases reguladoras que se establecían na Orde do 27 de marzo de 2003 da anteriormente denominada Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural responde á necesidade de adaptala á actual Lei xeral de subvencións e ao obxectivo de dotar de maior transparencia os trámites. En concreto, sepárase o órgano instrutor que se encarga de xestionar as solicitudes do que debe resolver a convocatoria co fin de non interferir na súa decisión final.

No primeiro caso, a comisión de avaliación estará composta polo subdirector xeral competente en industrias agroalimentarias, o xefe de servizo responsábel do fomento asociativo, un xefe de área e un de negociado, pertencentes todos eles á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. Unha vez fiscalizadas as solicitudes, o encargado de resolver a convocatoria será o propio conselleiro do Medio Rural.

Polo demais, o departamento que dirixe Alfredo Suárez Canal destinará 3.041.693 euros á prórroga das axudas destinadas ás APAs que se recoñeceron en Galiza ao abeiro dos regulamentos comunitarios 1360/1978, do 19 de xuño; 952/1977, do 20 de maio; 1696/1971, do 26 de xullo e 2200/1996, do 28 de outubro.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN DAS POLÍTICAS PÚBLICAS

Juan José Gómez Romero

Nacido en 1964, Juan José Gómez Romero está casado e ten dúas fillas. Licenciouse en ciencias químicas pola Universidade de Santiago de Compostela e realizou cursos de enxeñería; xestión e auditoría ambiental na Escola de Organización Industrial da Coruña. Ademais, conta con estudos oficiais de contabilidade e finanzas e de xestión laboral.

Comezou a súa carreira profesional desenvolvendo aplicacións informáticas para empresas e, posteriormente, incorporouse ao cadro de persoal de *Foster Galicia S.A.* na área de consultoría. Nesta empresa traballou durante oito anos, entre 1988 e 1996. Durante este período de tempo participou en proxectos promovidos pola súa empresa en colaboración con diferentes departamentos da Xunta de Galicia e con outras empresas da Comunidade Autónoma.

Entre 1997 e 1998 colaborou coa Consellería de Industria e Comercio participando en plans de xestión de residuos e subprodutos e realizando estudos relacionados coa calidade en Galicia. En 1999 comezou a traballar na Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia como responsable da súa oficina de servizos centrais, desde onde se xestionan administrativamente o CIS Tecnoloxía, o CIS Madeira e o Laboratorio Oficial de Metroloxía.

En 2000, desde a propia Fundación, traballou na creación do Centro de Observación de Galicia.

Paralelamente á súa actividade profesional, Juan José Gómez Romero participou como relator en diferentes relatorios, foros e cursos que abordaban a cuestión ambiental, así como os campos das novas tecnoloxías e a innovación.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DIRECTOR DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Antonio Izquierdo Escribano

Doutor en socioloxía pola Universidade Complutense de Madrid, Antonio Izquierdo Escribano diplomouse tamén en matemáticas e informática das Ciencias Sociais polo Centre National de la Recherche Scientifique (*CNRS*) e en Socioloxía Política.

Académico na Real Academia de Ciencias Morais e Política e membro da Académie Européene des Sciences, des Arts et des Lettres; ata o de agora era decano da Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña.

Desde 1989, Izquierdo Escribano representa a España na OCDE en calidade de experto en Migracións Internacionais e, recentemente, foi Premio de Investigación do Consello Económico e Social de España.

O novo director da Escola Galega de Administración Pública conta no seu haber cunha intensa actividade investigadora e docente. Así, tivo bolsas de estudo no Center for Comparative Immigration Studies da Universidade de California; no *Centro* de Investigación Kellogg Institute da Universidade de Nôtre Dame; no Center for Latin American Studies da Universidade de Florida; e no Institut National d'Études Démographiques (INED) de París.

Ademais, impartiu relatorios numerosos en numerosos foros e centros académicos como o Center for European Studies da Universidade de Harvard; no Massachusetts Institute of Technology (MIY) de Cambridge; no Institut du Monde Arabe de París; e no Institut Europeen des Hautes Études Internationales, entre outros.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DIRECTOR DO CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA

Carlos Suárez-Mira Rodríguez

Natural do municipio coruñés de Carballo, Carlos Suárez-Mira Rodríguez é licenciado en dereito pola Universidade de Santiago e doutorado pola Universidade de Vigo.

Desenvolveu unha intensa actividade docente desde o ano 1992, xa que foi profesor de dereito penal na Universidade de Valencia; e, posteriormente, profesor titular desta mesma materia nas universidades de Vigo e A Coruña.

É autor de varias obras, entre as que destacan *El delito de agresiones sexuales asociadas a la violación; La imputabilidad del consumidor de drogas; Manual de Derecho Penal. Parte General; Manual de Derecho Penal. Parte Especial e Derecho Penal Económico.*

Así mesmo, escribiu numerosos artigos que foron publicados en prestixiosas publicacións especializadas.

Paralelamente, participou en varios proxectos de investigación sobre dereito penal nas universidades de Vigo e A Coruña e impartiu un total de 26 seminarios en diferentes foros académicos e institucionais.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

DELEGADO PROVINCIAL EN LUGO

Ramón Cortés Mañez

Nacido en maio de 1949 en Alacante, o novo delegado da Consellería de Innovación e Industria en Lugo é perito mercantil e licenciouse en historia.

Tras unha breve etapa de traballo na delegación de Industria de Lugo, desde 1967 Ramón Cortés Mañez viña traballando en Caixa Galicia. Durante oito anos foi membro do Consello de Administración desta entidade financeira e, ademais, foi membro da súa Comisión Executiva entre 1982 e 1986. Nesta entidade tamén desempeñou diversos cargos de dirección, entre os que salientan a presidencia do Comité Intercentros de Caixa Galicia.

Ramón Cortés Mañez destaca tamén pola súa actividade sindicalista. Así, ocupou diversos cargos dentro dos comités locais e nacionais do sindicalismo nacionalista.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

DELEGADO PROVINCIAL EN OURENSE

Xosé Carlos Sierra

O novo delegado da Consellería de Cultura e Deporte en Ourense naceu en Pontevedra en 1950 e realizou estudos universitarios en Santiago, doutorándose posteriormente en Valladolid.

Museólogo especializado en patrimonio etnolóxico e antropológico, desde 1993 dirixe o Museo Etnolóxico de Ribadavia.

É membro do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos (CSIC) e patrón da Xunta Rectora do Museo do Pobo Galego. Ademais forma parte da sección de Antropoloxía do Consello de Cultura Galega.

Autor de máis de 60 publicacións centradas maioritariamente en cuestións etno-patrimoniais, dirixe o proxecto museolóxico-museográfico do Museo Galego do Viño, que terá a súa sede en Ribadavia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA

DELEGADO PROVINCIAL EN PONTEVEDRA

Eudosio Álvarez Álvarez

Nacido en Ourense en 1961, Eudosio Álvarez é licenciado en dereito e ten unha filla.

Desenvolveu a súa actividade profesional en despachos privados e en materias vinculadas ao Dereito Público. Participou no asesoramento ao Parlamento galego, na elaboración de determinadas leis; entre as que cabe destacar a Lei de montes en man común, e outras vinculadas ao dereito territorial. Ten participado en varios congresos nacionais e internacionais, redactado relatorios e publicado artigos referidos ás especificidades do dereito da propiedade en Galicia.

Vinculado desde os 15 anos ao nacionalismo, foi membro de Erga cofundador dos Comités Abertos de Facultade, e representante dos mesmos en varios organismos da Universidade, sendo candidato a vicerreitor nas primeiras eleccións democráticas da Universidade, na candidatura que encabezaba Xosé Manuel Beiras.

Varias veces membro dos órganos de dirección do BNPG e, posteriormente, do BNG desde a súa fundación, desempeñou funcións de responsabilidade tanto na súa executiva como no seu Consello Nacional.

No período comprendido entre os anos 1999 e 2003 foi xefe de Gabinete da Alcaldía de Vigo.